

Sempre Rosalía

Un esforzo esclarecedor

MARGA ROMERO

Se sempre é gozoso volvermos sobre a obra de Rosalía de Castro; ben o podemos facer agora na compañía deste estudo clarificador e ameno de Diego Pardo Amado que nos prende máis á luz da ousadía da autora. Moito é o desvelado sobre a escrita da fundadora da literatura galega moderna desde a década dos 80 do pasado século, como se sinala no libro: o Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, o monográfico d' *A Nosa Terra*, as investigacións de Carballo Calero, Catherine Davies e Francisco Rodríguez e mais "as abordaxes desde unha óptica feminista" por parte de diferentes autoras, arrincáronlle á poeta de *Follas Novas* o cravo que a ataba a súa obra a observacións realizadas desde unha lectura intencionalmente superficial e a súa figura a unha santificación que apagase o perigo aceso das palabras voltas contra o patriarcado. Foi moito o

aprendido desde a ollada do feminismo e chama a atención que o investigador non faga referencia na nómina dos recoñecementos e, isto non é xusto, ás achegas da escritora M^a Xosé Queizán e mais á revista, que segue a publicarse desde hai 25 anos, *A Festa da palabra silenciada*, que dedicou

un número pioneiro en marzo de 1985 a Rosalía, rescatándoa dos seus silencios como muller e escritora. Dentro desta liña esclarecedora é onde debemos colocar, entón, o traballo de Pardo Amado, quen primeiro nos presenta o estatuto xurídico da muller galega no século XIX, a partir da Constitución de Cádiz, da revolución setembrina de 1868 e da "Ley de matrimonio civil" de 1870 e dentro do debate político da época no que a "igualdade de sexos" aboia como tema e a muller non se lle permite nada sen o permiso do seu marido, por exemplo, publicar escritos e obras científicas ou literarias como autora ou tradutora. Nun segundo apartado analízase a imaxe da muller na Galiza do século XIX que nos achega á problemática do acceso feminino á educación e sobre cal debe ser a súa instrución nos "labores propios do seu sexo" tal e como contemplaba a Lei Moyano. Loábel é tamén o estudo da prensa co que se visibiliza a presenza do discurso masculinista e misógeno fronte a aparición das primeiras reivindicacións da muller sobre o dereito á educación e ao traballo remunerado. No apartado derradeiro o autor, a través da análise da obra de Rosalía e con acertadas observacións, achéganos "O proxecto igualitario na obra de Rosalía de Castro". Desde as personaxes e da voz lírica dos poemas entramos na crítica desa imaxe da muller dependente da beleza física e da honra e situada na loita contra o estatuto xurídico que a somete o pai ou ao marido. O libro consegue transmitirnos a ideoloxía de Rosalía, a súa cosmovisión e a súa esperanza nun novo lugar para as mulleres.

PARDO AMADO, Diego, Rosalía de Castro. A luz da ousadía, Ed. Laiovento, Santiago, 2009, PVP.12 €

